


En San Xoán de Río, a 24 de febreiro do 2020,

Reunido telematicamente o xurado do *II Premio de Novela da Galicia Rural*, conformado por D. Francisco Castro Veloso, D.^a Míriam Ferradáns Ferradás, D.^a Llerena Perozo Porteiro, D. Armando Requeixo Cuba e D.^a Tania Vázquez García, e actuando como secretario, con voz pero sen voto, D. Miguel García-Fernández en representación do concello de San Xoán de Río, decidiuse elixir como obra GANADORA, POR UNANIMIDADE, a proposta presentada, de entre as oito enviadas, baixo o título “Salgueiro”. Na deliberación do xurado que formou parte desta segunda edición do certame, convocado polo concello de San Xoán de Río co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Editorial Galaxia, destacouuse que se trata dunha obra que non só cumpre, formal e tematicamente, coas bases, senón que vai moi acorde con propostas literarias actuais: capítulos breves, ingredientes de novela negra, saltos temporais, diálogos críbeis... Estamos ante unha novela que non nos deixa indiferentes, cunha temática suxerinte e con bo ton, que anima á súa lectura dunha sentada, aínda que, desde o xurado, tamén se recomenda un traballo de revisión editorial para equilibrar o ritmo interno da novela.

Aberta a plica, resultou ser autor da novela D. ÓSCAR REBOIRAS LOUREIRO, a quen se felicita desde o xurado polo premio, que, como indican as bases no seu punto 5, “consistirá na edición da obra por parte da Editorial Galaxia, unha contía en metálico de 2.000€, máis a entrega dun diploma acreditativo, que será entregado nun acto público organizado polo Concello de San Xoán de Río e ao que se compromete a asistir o galardoado”.

E para que así conste, asina o secretario do xurado,



Asdo. Miguel García-Fernández

Secretario do xurado do II Premio de Novela da Galicia Rural.